



CONCELLO
DE POIO

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA CONTRATAR, POR PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO E TRAMITACIÓN ANTICIPADA, OS SERVIZOS “**COMPLEMENTARIOS DE COLABORACIÓN E ASISTENCIA NA XESTIÓN ADMINISTRATIVA DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES XERADOS POR INFRACCIÓN Á NORMATIVA.**”.

1. RÉXIME XURÍDICO E PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN.

O contrato a que se refire o presente prego, en virtude do disposto no artigo 25.1.a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do parlamento europeo e consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP) é de natureza administrativa e rexerese polo disposto na as súas disposicións de desenvolvemento.

O artigo 17 da LCSP establece que son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministro, incluíndo aquelas na que o adxudicatario se obrigue a executar o servizo de forma sucesiva e por un prezo unitario.

Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e na súa falta no dereito privado.

O presente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP), o prego de prescricións técnicas e demais anexos, terán carácter contractual.

O contrato axustarase ao contido do presente PCAP cuxas cláusulas se considerarán parte integrante do respectivo contrato.

En caso de discordancia entre o presente Prego e calquera do resto dos documentos contractuais, prevalecerá o PCAP no que se conteñen os dereitos e obrigas que asumirán as partes do contrato.

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos, anexos que forman parte do mesmo, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole aprobadas pola administración, que poidan ser de aplicación na execución do pactado, non eximirá ao contratista da obrigaón do seu cumprimento.

Ademais do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, terán carácter contractual o Prego de Prescricións Técnicas (PPT), a oferta presentada polo adxudicatario e o documento de formalización do contrato.

Praza do Mosteiro, 1-36995 San Xoán.
contratacion@concellodepoio.es



Cod. Validación: 92JQCH42NRJC2W16AXXSSFRP | Corrección: https://concellopoio.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 30



Xustificación de elección do procedemento.- En cumprimento do establecido no art. 116.4 da LCSP o contrato adxudicarase por procedemento aberto simplificado e levarase a cabo atendendo a un criterio de adxudicación, de conformidade co disposto nos artigos 145 e 146 da LCSP.

Xustifícase por ser un dos procedementos de adxudicación ordinarios e non concorrer circunstancias que recomenden acudir a un procedemento restrinxido, nin ningún dos supostos que permitan utilización de calquera outro tipo de procedemento (artigo 131.2 da LCSP) sendo o valor estimado do contrato inferior a 100.000 €.

2. CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS.

2.1 Disposicións xerais.

2.1.1 . Obxecto e necesidade do contrato.

O obxecto do contrato será a prestación do servizo consistente na realización dos traballos necesarios para a tramitación e xestión dos expedientes sancionadores xerados por infraccións á normativa (con excepción dos tributarios, sancións de tráfico, disciplinarios e urbanísticos) e, en xeral, comprenderá aquelas actuacións de carácter administrativo e de xestión dos expedientes cuxa execución non estea reservada expresamente por Lei a funcionarios públicos e non impliquen exercicio de autoridade, custodia nin manexo de fondos públicos.

Non entanto, este servizo disporá do persoal cualificado para preparar os documentos necesarios en todo o procedemento, incluíndo o estudo e informe xurídico na resolución de alegacións e recursos.

Para iso resulta necesario a realización das tarefas e procesos informáticos encamiñados á interconexión de información, gravación e emisión dos soportes físicos de expedientes sancionadores, para a súa posterior notificación ou publicación cando fosen supervisados e asinados polos funcionarios competentes, con suxeición a este PCAP, así como ao de condicións técnicas, documento que se considera parte integrante do presente prego e se incorpora como anexo ao mesmo, no que se describen as necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato.

Xustificación da non división en lotes:

De conformidade co establecido no artigo 99 LCSP non se contempla a división en lotes polos seguintes motivos:

a) Non hai prestacións suficientemente diferenciadas e dunha envergadura tal que aconsellen a división en lotes do obxecto do contrato, xa que consisten basicamente na aportación de medios persoais.

b) A división en lotes das diversas prestacións (persoais e materiais ou división en lotes do propio persoal) podería supoñer risco na correcta execución do contrato, xa que se o persoal se pon a disposición por parte de distintos contratistas fallaría a coordinación adecuada entre eles, polo tanto a calidade do servizo a prestar.

Códigos de identificación das prestacións obxecto do contrato:





CONCELLO
DE POIO

O código correspondente segundo o Vocabulario común de contratos públicos, aprobado polo Regulamento (CE) número 2195/2002, do Parlamento Europeo e do Consello de 5 de novembro de 2002, polo que se aproba o vocabulario común de contratos públicos (CPV) ou normativa comunitaria que a substitúa é:

75130000-6 Servizos de apoio aos poderes públicos.

2.1.2 . Órgano de Contratación

De conformidade co artigo 61 da LCSP, a representación das entidades do sector público en materia contractual corresponde aos órganos de contratación, unipersoais ou colexiados que, en virtude de norma legal ou regulamentaria ou disposición estatutaria, teñan atribuída á facultade de celebrar contratos no seu nome.

A disposición adicional segunda da LCSP dispón que corresponde aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de servizos, cando o seu valor estimado non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto, nin en calquera caso a contía dos 6 millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración no sexa superior a catro anos, incluídas as eventuais prórrogas, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio, nin a a contía sinalada.

Sen prexuízo do anterior os órganos de contratación, poderán delegar ou desconcentrar as súas competencias e facultades nesta materia, co cumprimento das normas e formalidades aplicables á delegación ou desconstracción de competencias, no caso de que se trate de órganos administrativos.

Para o presente contrato o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local do Concello de Poio por Delegación do Alcalde segundo Resolución de data 29 de xuño de 2015, con enderezo en praza do Mosteiro, 1. 36995 Poio (Pontevedra). www.concellodepoio.gal; fax núm. 986771277, teléfono núm. 986770001. O expediente xestiónase no servizo de contratación, Teléfono 986770001, ext. 1213, e-mail: contratacion@concellodepoio.es

2.1.3 .Valor Estimado.

O valor estimado do contrato segundo o disposto no artigo 101 da LCSP ascende á cantidade de 39.240,00 €.

2.1.4 . Presuposto Base de Licitación.

De conformidade co establecido no artigo 100 da LCSP o presuposto base de licitación ascende ao importe de **23.740,20 euros**. Neste importe enténdense incluídos os costes directos e indirectos do persoal segundo o convenio colectivo sectorial aplicable e categoría.

O importe do valor engadido ascende ao importe de **4.120,20 euros**.

Toda oferta superior a dita cifra será automaticamente rexeitada.

Enténdese que o presuposto base de licitación adecuase aos prezos de mercado en base ás seguintes consideracións:

Praza do Mosteiro, 1-36995 San Xoán.
contratacion@concellodepoio.es





Para o coste de man de obra, tense en conta a táboa salarial do convenio de traballo para o persoal de Oficinas e Despachos.

Segundo establece o PPT para o cálculo do PBL realízase unha estimación por xornada dos medios persoas que interveñen no contrato de adscrición obrigatoria.

Anualidade	Importe sen iva	Ive	Total
2021	19.620,00	4.120,20	23.740,20
Total inicial	19.620,00	4.120,20	23.740,20
Prórroga			
2022	19.620,00	4.120,20	23.740,20
Total prórroga	19.620,00	4.120,20	23.740,20
Total inicial+prórroga	39.240,00	8.240,40	41.480,40

COSTES DIRECTOS		
Man de obra*	85%	15.956,07
Materiais	5%	681,31
Alugueros	5%	681,31
Outros (Seguros)	5%	681,31
Total costes directos		18.000
COSTES INDIRECTOS		
Beneficio Industrial	9%	1.620,00
Total costes indirectos		1.620,00
Costes directos+Costes indirectos		19.620,00
Ive (21%)		4.120,20
Presuposto base de licitación		23.740,20

2.1.5. Prezo do Contrato.

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do mesmo. No prezo do contrato consideraranse engadidos os tributos, taxas e canons de calquera índole que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para o adxudicatario como consecuencia do cumprimento das obrigas contempladas no prego.





2.1.6. Existencia de Crédito e financiamento.

Ao tratarse dun procedemento de tramitación anticipada no que o gasto se imputará a exercicios posteriores estarase ao disposto na Disposición Adicional Terceira LCSP quedando sometido á condición suspensiva da consignación de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do mesmo nos orzamentos do 2021 e 2022 e seguintes no caso de prórrogas.

2.1.7. Prazo de duración e prórroga.

O presente contrato terá un prazo de duración de un ano con posibilidade de unha única por prazo de un ano.

Establécese o 1 de xaneiro de 2021 como data de inicio do contrato; se isto non fora posible, o contrato entrará en vigor desde el día seguinte á data da formalización en documento administrativo ou comunicación da adxudicación.

O contrato poderá prorrogarse polo órgano de contratación e será obrigatoria para a empresa contratista, sempre que se realice un preaviso, alo menos, de dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

A prórroga non se producirá, en ningún caso, por acordo tácito das partes.

A prórroga non será obrigatoria para o contratista nos casos nos que no contrato se dea a causa de resolución establecida no artigo 198.2 LCSP, por demorarse a administración no aboamento do prezo en máis de seis meses.

De conformidade co disposto no artigo 29.4 LCSP, cando ao vencemento dun contrato non se houbera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade da prestación a realizar polo contratista, como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producida no procedemento de adxudicación e existan razóns de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogar o contrato orixinario ata que comece a execución do novo contrato e en todo caso por un período máximo de nove meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato se publicase cunha antelación mínima de tres meses, respecto da data finalización do contrato orixinario. En todo caso, en atención á natureza imprevisible da prórroga cuxa, aplicación non deriva da vontade do órgano de contratación a mesma non se tomará en consideración aos efectos de fixar o valor estimado, e atendendo a dita natureza imprevisible non será de aplicación a obriga de preaviso anteriormente indicado.

As prórrogas deberán aprobarse con carácter previo á finalización do contrato.

A Garantía definitiva constituída inicialmente poderá aplicarse ao período de prórroga sen que sexa necesaria reaxustar a contía salvo que xunto coa prórroga se acorde a modificación do contrato.

2.1.8. Perfil do Contratante.

No perfil do contratante do Concello de Poio publicarase, a licitación, a adxudicación do contrato, así como calquera outro dato e información referente a súa actividade contractual, de acordo co





CONCELLO
DE POIO

establecido no art. 63 LCSP.

O acceso público ao perfil de contratante efectuarase a través da páxina web do Concello de Poio cuxa dirección é a seguinte: www.concellopoio.gal

2.1.9. Notificacións ou comunicacións telemáticas.

A presentación de calquera outra comunicación ou escrito distinta da establecida na cláusula 2.2.1. dirixido ao órgano de contratación, deberá necesariamente efectuarse electronicamente, co cumprimento dos requisitos sinalados na Lei 39/2015 e a través da sede electrónica municipal: <https://concellopoio.sedelectronica.gal>, aplicando o procedemento que corresponda.

Excepciónanse aqueles que polo seu carácter non poidan ser dixitalizados (modelos físicos ou a escala que non poden ser transmitidos utilizando medios electrónicos), ou que esixan a utilización de programas ou soportes que incumpran as condicións sinaladas no Disposición Adicional 16ª da LCSP.

Nas notificacións e comunicacións que realice o órgano de contratación aos licitadores, estarase ao disposto no DA. 15ª da LCSP. Darase por notificados aos licitadores co envío da correspondente notificación a través de PLACSP, nos casos en que esta plataforma xere xa a notificación, entendéndose realizada tamén segundo o disposto no DA.15ª da LCSP.

Con respecto ao idioma das comunicacións que remita o órgano de contratación, realizaranse en galego, aceptando o contratista o uso deste idioma polo órgano de contratación. No relativo ao instrumento de formalización, se estará ao establecido respecto diso na cláusula 2.4. deste prego.

2.1.10. Carácter transversal dos criterios sociais e ambientais.

De conformidade co establecido no apartado 3 do artigo 1 e concordantes da LCSP, os criterios sociais e ambientais son recollidos no presente prego de maneira transversal, en especial en canto ás condicións especiais de execución, e esixencia do cumprimento da normativa laboral (en especial cumprimento de convenios e obrigacións de pago de salarios así como de prevención de riscos laborais), normativa social (persoas con discapacidade, igualdade de xénero, non discriminación persoas) e ambiental (adopción de medidas ambientais e ecolóxicas).

2.2 . Cláusulas especiais de licitación.

2.2.1 .Presentación de proposicións.

Para a licitación do contrato actual, a presentación das ofertas realizarase unicamente a través de medios electrónicos, a través dos servizos de licitación electrónica da Plataforma de Contratación do Sector Público (en diante Plataforma ou PLACSP).

Enderezo electrónico para a recepción de ofertas: <http://contrataciondelestado.es>

As proposicións presentarase no prazo de 15 días naturais a contar do seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante ubicado na Plataforma de Contratos do Sector Público, finalizando o último día do prazo ás 23 horas 59 minutos e 59 segundos.

Praza do Mosteiro, 1-36995 San Xoán.
contratacion@concellodepoio.es



Cod. Validación: 92JQCH42NRJc2WH6AXXSSFRP | Corrección: <https://concellopoio.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 30



As ofertas recibidas despois de dito prazo e horario serán excluídas.

En ningún caso se admitirán as propostas que se presenten por correo electrónico nin en formato papel.

Unha vez remitida ou entregada a proposición non poderá ser retirada salvo causa debidamente xustificada.

2.2.2 .Documentos e datos dos licitadores de carácter confidencial

Os licitadores deberán indicar cales documentos (ou parte dos mesmos) ou datos dos incluídos nas ofertas teñen a consideración de confidenciais, sen que resulten admisibles as declaracións xenéricas de confidencialidade de todos os documentos ou datos da oferta.

A condición de confidencial deberá reflexarse claramente no propio documento que teña tal condición, sinalando ademais os motivos que xustifiquen tal consideración. No se considerarán confidenciais documentos que non fosen expresamente calificados como tal polos licitadores.

2.2.3 .Subsanación de documentos.

A presentación de declaracións responsables do cumprimento de requisitos de participación será obxecto de subsanación polos licitadores a requirimento dos servizos do órgano de contratación ou da mesa de contratación, cando non se houbera presentado, ou non estivera adecuadamente cumprimentada a presentada.

Igualmente, o proposto como adxudicatario poderá subsanar a falta ou incompleta presentación dos documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos de participación que lles sexan requiridos con carácter previo á adxudicación do contrato.

En ambos casos concederáse ao licitador un prazo de tres días, a contar desde o seguinte ao de recepción do requirimento de subsanación.

De non subsanarse a documentación no prazo, o órgano, ou no seu caso a mesa de contratación, entenderá que o licitador desiste da súa oferta.

2.2.4 .Contido das proposicións.

Neste procedemento contéplense criterios de adxudicación cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor, polo que a oferta presentarase en dous SOBRES ou ARQUIVOS ELECTRÓNICOS:

Sobre 1 “Documentación administrativa e proposición suxeita a avaliación previa”

Dentro deste sobre os licitadores deberán incluír:

1.-Declaración responsable.- A declaración responsable presentarase redactada conforme ao modelo establecido no Anexo que figura no presente Prego denominado “Declaración responsable”

2.- Unións Temporais de Empresarios.- Deberase presentar unha única declaración responsable e proposta suxeita a avaliación dos criterios que dependen dun xuízo de valor, subscripta por todas as entidades que constitúen a UTE.





Así mesmo, deberá achegarse o compromiso de constituír a unión temporal por parte dos empresarios que sexan parte da mesma de conformidade co esixido no apartado 3 do artigo 69 LCSP, cunha duración que será coincidente, polo menos, coa do contrato ata a súa extinción.

No escrito de compromiso indícarase: os nomes e circunstancias dos que a constituén; a participación de cada un deles, así como a asunción do compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato e o citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas que compoñen a unión.

3.- Empresas vinculadas.- Unicamente, as empresas pertencentes a un mesmo grupo, entendéndose por tales as que se atopen nalgún dos supostos do artigo 42 do Código de Comercio e que presenten distintas proposicións para concorrer individualmente á adxudicación, deberán presentar declaración na que fagan constar esta condición. Tamén deberán presentar declaración explícita aquelas sociedades que, presentando distintas proposicións, concorran nalgún dos supostos alternativos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio, respecto dos socios que a integran.

4.- Especialidades a presentar polos empresarios estranxeiros. Os empresarios estranxeiros deberán presentar ademais da documentación sinalada anteriormente, a documentación específica que a continuación se detalla.

Todas as empresas non españolas deben achegar:

- Declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais Españóis de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, renunciando no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

As empresas de Estados que non sexan membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo deberán achegar:

- Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar cun informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa, no que se faga constar, previa acreditación por parte da empresa, que figuran inscritas no rexistro local profesional, comercial ou análogo, ou na súa falta, que actúan habitualmente no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato. Ademais, deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente de España ou da Secretaría Xeral de Comercio Exterior do Ministerio de Economía e Facenda sobre a condición de Estado asinante do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio, nos casos previstos no Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

- Informe de reciprocidade a que se refire o artigo 68 LCSP

5.- Documentación dos criterios non valorables en cifras ou porcentaxes.- Incluirase neste Sobre nº





1 a documentación relativa á proposta que deba ser valorada conforme aos criterios de ponderación que dependan dun xuízo de valor de acordo co establecido na cláusula 2.2.8.1 PCAP.

En ningún caso poderán incluírse neste SOBRE Nº 1 documentos propios do Sobre 2 “Proposición Económica”.

Sobre B “Proposición Económica” Dentro deste sobre os licitadores incluírán a oferta que se presentará redactada conforme ao modelo que figura no Anexo ao presente prego denominado “Proposición Económica”.

Non se aceptarán aquelas que conteñan omisións, erros ou tachaduras que impidan coñecer claramente o que a Administración estime fundamental para considerar a oferta. Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento basee de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro o inconsistencia que a fagan inviable, será rexeitada pola Mesa de contratación mediante resolución motivada, sen que sexa causa bastante para o rexeitamento o cambio ou omisión dalgunhas palabras do modelo se iso non altera o seu sentido.

Na proposición indícarase como partida independente o importe do Imposto sobre o Valor Engadido. Así mesmo, cando para a selección do contratista aténdase a unha pluralidade de criterios, incluírase neste sobre, no seu caso, a documentación relativa a aqueles criterios avaliábeis de maneira automática mediante cifras ou porcentaxes por aplicación das fórmulas establecidas nos pregos.

En relación coa documentación técnica a presentar relativa aos criterios de adxudicación avaliábeis de forma automática estarase ao disposto no apartado 2.2.8.2 PCAP.

2.2.5. Efectos da presentación de proposicións. Decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato e desestimento do procedemento de adxudicación pola Administración.

A presentación de proposicións supón por parte do empresario a aceptación incondicional das condicións deste Prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións exixidas para contratar coa Administración.

A proposta de adxudicación do contrato non crea dereito algún en favor do licitador proposto, que non os adquirirá, fronte á Administración, mentres non se formalice o contrato.

De conformidade co disposto no artigo 152 LCSP, a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato ou o desestimento do procedemento poderán acordarse polo órgano de contratación antes da formalización.

Só poderá adoptarse a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente. O desestimento do procedemento deberá estar fundado nunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, debendo xustificarse no expediente a concorrencia da causa.

2.2.6. Mesa de Contratación.





A mesa de contratación será o órgano competente para efectuar a cualificación da documentación administrativa, así como para realizar a avaliación e clasificación das ofertas. A súa composición publicárase a través do perfil de contratante ao publicar o anuncio de licitación.

2.2.7. Apertura e exame das proposicións presentadas en Sobre 1 e 2.

A mesa de contratación procederá en primeiro lugar á apertura do SOBRE Nº 1 que contén a declaración responsable e a proposta de criterios avaliábeis mediante xuízo de valor.

A valoración das proposicións realizarase polos servizos técnicos do órgano de contratación que disporán dun prazo non superior a sete días.

Na mesma sesión, a mesa procederá a cualificar a declaración presentada polos licitadores. Se a Mesa observase defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, comunicarllo verbalmente aos interesados.

Sen prexuízo do anterior, notificaranse ao interesado as circunstancias apuntadas concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores os corrixan ou emenden ante a propia Mesa de contratación. En todo caso, a valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor deberá efectuarse con anterioridade ao acto público de apertura do sobre que conteña a oferta de criterios avaliábeis de forma automática.

No perfil do contratante publicárase coa debida antelación a data e hora de celebración do acto público de apertura do SOBRE Nº 2 que contén a proposta de criterios cuantificábeis mediante a mera aplicación de fórmulas. No devandito acto público, a mesa dará a coñecer as proposicións admitidas, as que foron rexeitadas e as causas de rexeitamento e procederá á lectura da valoración asignada aos criterios de adxudicación dependentes dun xuízo de valor.

A continuación procederase á apertura do SOBRE Nº 2 e á lectura dos criterios cuantificábeis mediante a mera aplicación de fórmulas, a Mesa procederá a avaliar e clasificar as ofertas.

No caso de que se identifiquen ofertas que se atopan incursas en presunción de anormalidade, a Mesa seguirá o procedemento previsto na cláusula 2.2.9 PCAP.

Ademais, no caso de que se produza o empate entre dous ou máis ofertas, deberase aplicar o réxime de desempate establecido na cláusula 2.2.9 do presente Prego.

Posteriormente, a Mesa realizará a proposta de adxudicación a favor do candidato con mellor puntuación seguindo as indicacións da cláusula 2.3.1 deste Prego.

De todo o actuado conforme aos apartados anteriores, deixarase constancia nas Actas correspondentes nas que se reflectirá o resultado do procedemento e as súas incidencias.

2.2.8. Criterios de adxudicación.

En canto aos **criterios de adxudicación**, seguindo as pautas marcadas no artigo 145 da Lei 9/2017, para os efectos de medir a relación calidade-prezo, teranse en conta:

2.2.8.1. Valoración cuxa ponderación resulte dun xuízo de valor (Sobre A). Máximo 45 puntos





O contido desta documentación estará limitado a 50 páxinas en tamaño A4 por unha cara ou 25 por dúas, podendo empregarse folios tamaño A3 en planos (contarán como unha páxina), sen contar o índice e a portada. O formato será en letra arial, tamaño 12 interlineado 1,15 e texto xustificadado.

Valorarase mediante o proxecto do servizo a realizar presentado polo licitador, de acordo co seguinte desglose:

- Memoria descritiva da organización e planificación do traballo que garanta adecuadamente o cumprimento dos obxectivos propostos no PPT e a aportación de valor por parte do licitador. Engadirá plan de riscos ou fitos de especial relevancia que poidan comprometer os ciclos de traballo de articulación ou procesos e medidas que permitan a diminución dos seus impactos con proposta de priorización para os momentos críticos que se definan en función da súa previsión a partir dos ciclos temporais de tramitación de expedientes contemplados no Anexo do PPT (**Max. 30 puntos**).

Subcriterios

1º.- Maior grado de detalle na elaboración da memoria e xustificación da metodoloxía a aplicar para a consecución de cada un dos obxectivos xerais e específicos (**Máx. 10 puntos**).

2º.- Grado de coñecemento que revele os riscos e incidencias tipo (tanto internos como externos) que podan presentarse na realización dos traballos previstos no PPT en función da normativa en cada caso aplicable e os medios humanos con que conta o concello. **Máx. 10 puntos**).

3º.- Eficiencia que poda demostrar a metodoloxía elixida polo menor compromiso posible de tempos e medios humanos dos que dispón o concello. (**Máx. 10 puntos**).

- Valoración das medidas propostas que aseguren a xestión do coñecemento da información xenerada na execución do traballos e a súa reincorporación na formación de novos expedientes de similar natureza: (**Máx. 10 puntos**).

1º.- Reutilización, formatos, autonomía dos traballos para a administración.

- Valoración dos modelos de informes e información a presentar e da súa coherencia respecto do cumprimento dos obxectivos específicos propostos en función da metodoloxía descrita na Memoria. (**Máx. 5 puntos**).

A valoración final das ofertas, que servirá de base ao órgano de contratación para realizar a adxudicación, será da suma das puntuacións dos criterios anteriormente citados.

O licitador que non supere os 30 puntos de valoración, será excluído do procedemento, e por tanto non pasará á fase económica.

2.2.8.2. Criterio avaliable automaticamente (Sobre B). Máximo 55 puntos





Prezo: Ata 55 puntos. Este criterio considerarase esencial para efectuar a valoración, debendo valorarse en función da oferta efectuada, adxudicando 10 puntos á empresa que ofrezca o importe máis baixo, puntuando o resto das ofertas de forma proporcional atendendo á seguinte fórmula:

Puntuación Prezo= 55 (importe da oferta máis baixa/importe da oferta que se valora).

2.2.9. Ofertas anormalmente baixas.

De conformidade co establecido no artigo 149.2 LCSP para a consideración dunha oferta anormalmente baixa terase en conta, para o criterio prezo, o establecido no artigo 85 do Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas.

No caso de que a oferta do licitador que obtivese a mellor puntuación se presuma que é anormalmente baixa por darse os supostos indicados anteriormente, a Mesa concederalle un prazo non superior a cinco hábiles para que poida presentar unha xustificación adecuada das circunstancias que lles permite executar dita oferta nesas condicións, cos criterios que se sinalan respecto no artigo 149.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Desempates: De conformidade co disposto no artigo 147.2 LCSP, o empate entre varias ofertas tras a aplicación dos criterios de adxudicación do contrato resolverase mediante a aplicación por orde dos seguintes criterios sociais, referidos ao momento de finalizar o prazo de presentación de ofertas:

- a) Maior porcentaxe de traballadores con discapacidade ou en situación de exclusión social no persoal de cada unha das empresas, primando en caso de igualdade, o maior número de traballadores fixos con discapacidade en persoal, ou o maior número de persoas traballadoras en inclusión no persoal.
- b) Menor porcentaxe de contratos temporais no persoal de cada unha das empresas.
- c) Maior porcentaxe de mulleres empregadas no persoal de cada unha das empresas.
- d) O sorteo, no caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dese lugar a desempate.

A efectos de aplicación destes criterios os licitadores deberán acreditarlos, no seu caso, mediante os correspondentes contratos de traballo e documentos de cotización á Seguridade Social e calquera outro documento admitido en dereito que acredite os criterios sociais anteriormente referidos. Para ese efecto, os servizos correspondentes do órgano de contratación requirirán a documentación pertinente ás empresas afectadas.

2.3 . Adxudicación

2.3.1 .Clasificación das ofertas

Unha vez valoradas e clasificadas as ofertas, a mesa de contratación realizará os seguintes trámites:

- 1.º Realizar a proposta de adxudicación a favor do candidato coa mellor puntuación.





CONCELLO
DE POIO

2º.- Comprobar no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas clasificadas do Sector Público ou no Rexistro de Licitadores da Comunidade Autónoma de Galicia que a empresa está debidamente constituída, conta coa correspondente habilitación empresarial, no seu caso que conta coa clasificación exixida e non está incurso en prohibicións de contratar.

3º.- Requirir á empresa que obtivese a mellor puntuación mediante comunicación electrónica para que no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío da comunicación aporte o compromiso ao que se refire o artigo 75.2 e a documentación xustificativa de que dispón efectivamente dos medios que se houbese comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2. Cando o licitador proposta como adxudicatario teña que presentar outra documentación exixida no prego de cláusulas ou de prescricións técnicas será requirido para que o presente neste prazo.

Verificación da documentación aportada.- O servizos técnicos de contratación verificará que o proposto como adxudicatario acredita documentalmente o cumprimento de todos os requisitos de participación exixidos.

Presentada a documentación correspondente, nun prazo non superior a 5 días, o órgano de contratación procederá a adxudicar o contrato a favor do licitador proposto como adxudicatario, procedéndose, una vez adxudicado a súa formalización.

De non cumprimentarse adecuadamente coa presentación de toda a documentación indicada dentro do prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose no seu caso a recompilar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

Aptitude para contratar, capacidade e compatibilidade.

Desde o 09 de setembro de 2018 é de aplicación o disposto no artigo 159.4 LCSP no que se establece que todos os licitadores deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou no Rexistro Oficial correspondente da Administración da Xunta de Galicia na data final de presentación de ofertas nembargantes será de aplicación o disposto na Recomendación da Xunta Consultiva de Contratación do Estado adoptada en sesión da Comisión Permanente do 24 de setembro de 2018 .

En virtude da Disposición Transitoria Terceira LCSP se o licitador non estivese inscrito, deberá presentar:

1.- Capacidade de obrar.

1.- Si a empresa fose persoa xurídica, a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou acto fundacional nos que conste as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro Público que corresponda segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate, así como o Número de Identificación Fiscal (NIF).

1.2.- Si trátase de empresario individual, o DNI ou documento que, no seu caso, o substitúa regulamentariamente e acreditación/xustificante de estar de alta no Imposto de actividades económicas e ao corrente do pagamento do mesmo, aportando ao efecto copia de carta de pago do

Praza do Mosteiro, 1-36995 San Xoán.
contratacion@concellodepoio.es



Cod. Validación: 92JQCH42NRJC2WH6AXXSSFRP | Corrección: https://concellopoio.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 30



CONCELLO
DE POIO

último exercicio, ao que se acompañará unha declaración responsable de non haberse dado de baixa na matrícula do citado imposto.

1.3.- A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente, de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

1.4.- Cando se trate de empresas estranxeiras non comprendidas no parágrafo anterior, informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa, no que se faga constar, previa acreditación pola empresa.

1.5. Sen prexuízo da aplicación das obrigas de España derivadas de acordos internacionais, as persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo deberán xustificar mediante informe que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación cos entes do sector público asumibles aos enumerados no artigo 3, en forma substancialmente análoga. Devandito informe será elaborado pola correspondente Oficina Económica e Comercial de España no exterior e acompañarase á documentación que se presente.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas empresas de Estados signatarios do acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

1.6.- As empresas estranxeiras presentarán a súa documentación traducida de forma oficial ao castelán.

2.- Bastanteo de poderes.

Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro ou representen a unha persoa xurídica, deberán acompañar escrituras ou documentación acreditativa das facultades do representante debidamente bastanteada pola Asesoría Xurídica do Concello de Poio. Para a obtención do bastanteo deben facer chegar á Asesoría Xurídica os seguintes documentos:

- DNI orixinal do representante.
- Documentación que acredite a capacidade da persoa xurídica e das facultades do representante da entidade para participar en licitacións públicas.

Salvo que se trate de poderes especiais outorgados para o acto concreto da licitación, deberá constar a inscrición dos poderes no Rexistro Mercantil, en caso de sociedades.

Resgardo acreditativo de autoliquidación da taxa por expedición de documentos administrativos.

3- Solvencia, Clasificación e Adscrición de medios

A solvencia **económica e financeira** do empresario acreditarase polos dous medios seguintes:

Praza do Mosteiro, 1-36995 San Xoán.
contratacion@concellodepoio.es



Cod. Validación: 92JQCH2NRJC2WH6AXXSFRP | Corrección: https://concellopoio.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 30



Disposición dun seguro de indemnización por riscos profesionais, vixente ata o fin do prazo de presentación de ofertas, por importe non inferior ao valor estimado do contrato, achegando ademais compromiso da súa renovación ou prórroga que garanta o mantemento da súa cobertura durante toda a execución do contrato. A acreditación deste requisito efectuarase por medio de certificado expedido polo asegurador, no que consten os importes e riscos asegurados e a data de vencemento do seguro, e mediane documento de compromiso vinculante de subscripción, prórroga ou renovación do seguro no caso que proceda.

A solvencia **Técnica ou profesional** dos empresarios deberá acreditarse a través dos seguintes medios:

- a) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que constitúa o obxecto do contrato no curso, de como máximo os tres últimos anos, nos que se indique o importe, data e o destinatario, público ou privado dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, Cando o destinatario sexa un suxeito privado, acreditaranse mediante un certificado expedido por este, ou a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañado dos documentos obrantes no poder do mesmo que acrediten a realización da prestación.
- b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integrados ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.
- c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables da execución do contrato así como, dos técnicos encargados directamente da mesma, sempre que non se avalíen como un criterio de adxudicación.

Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, de 20 de setembro (D.O.G. nº. 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Voluntario de Licitadores do Ministerio de Economía e Facenda, están exentos de presentar a documentación que obre nos mesmos sempre que se atope vixente (Personalidade e capacidade de obrar, representación, solvencia económica e financeira, Técnica ou Profesional, clasificación e demais circunstancias inscritas así como a concorrencia ou non de prohibicións de contratar). A tal efecto deberán presentar o correspondente certificado acompañado dunha declaración responsable na que o licitador manifieste que as circunstancias reflectidas no mesmo non experimentaron variación.

Obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Obrigas tributarias:

